



Revalorización do sector resineiro a través da posta en valor da materia prima e da optimización e posta a punto do proceso industrial de destilación da resina en envase pechado (**GO RESFO**).

Ámbito territorial: Comunidade Autónoma Galega.

Obxectivo do proxecto: Optimización do proceso industrial de destilación de resina en envase pechado e caracterización de parámetros de calidade que confire esta metodoloxía para o deseño de estratexias de márketing que posicionen a resina natural e impulsen un sector competitivo que contribúa a incrementar a rendibilidade de los piñeirais galegos.

Entidades participantes e complementariedade entre perfís: O Grupo operativo RESFO integra diferentes actores da cadea de valor coa finalidade de obter sinerxías entre os diferentes sectores. O equipo multi-disciplinar que integra o grupo é o seguinte:

Solicitante, coordinador e socio beneficiario 1: **Sinergias Sostenibles Resiforest SLU** empresa de enxeñería e consultaría ambiental especializada en xestión forestal sostible e aproveitamentos forestais non madeireiros.

Socio beneficiario 2: **Xagoaza Pinaster S.L** empresa de primeira transformación de resina para a obtención de colofonia e trementina mediante técnicas de destilación.

Socio beneficiario 3: **UVIGO (Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, Campus de Ourense)**. Centro de referencia dentro da Universidade no márketing e na investigación en procesos de xeración de valor para o consumidor.

Socio beneficiario 4: **Global and ecofriendly natural extracts, s.l.** Start-up en biotecnoloxía, que ofrece servicios avanzados dentro do sector agroalimentario, cosmético e nutracéutico en base a súa capacidade tecnolóxica e innovadora.

RESULTADOS ACADADOS:

- Determinar a eficacia na optimización do proceso de destilación industrial de resina procedente de envase pechado (rendementos, manexabilidade) e a súa repercusión sobre a calidade dos subprodutos obtidos.
- Determinación da calidade de produto obtido on-site mediante sensores NIRs, non destrutivos.
- Desenvolvemento de estratexias de márketing que permitan desbloquear o potencial que posúen as resinas naturais europeas de coníferas e, concretamente, as que proceden de métodos mecanizados de extracción en envase pechado.
- Determinación da composición química dos compoñentes maioritarios (colofonia e trementina) que permitan o estudo do seu uso como nicho de substancias bioactivas de orixe natural en liñas de interese como son o uso como insecticidas ou a obtención de extractos aromáticos vencellados á aromaterapia.

APLICABILIDADE Ó SECTOR PRODUTIVO:

- O Grupo Operativo RESFO basea a proposta do proxecto nos métodos mecanizados de extracción en envase pechado como sistema produtivo de resina, non só como medio para desenvolver unha industria de transformación que o seu pilar básico sexa a calidade del produto, se non tamén, para darlle valor ao traballo do resineiro e que, de maneira indirecta, reverta noutros beneficios para o sector.
- Con esta proposta pretendemos romper co modelo de negocio do sector da extracción da resina a nivel mundial. Coa consecución dos obxectivos se lograrán aportar solucións á industria de transformación da resina para que podan dar valor a esta materia prima fronte as procedentes de outras rexións onde a innovación, a sustentabilidade ou os aspectos sociais non son unha prioridade. Todo elo acompañado dun maior estudo da caracterización desta materia prima que nos permita seguir desenvolvendo novos usos, novas liñas de comercialización e, en definitiva, una substitución constante e paulatina de derivados do petróleo por materias primas naturais como a resina.

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE AOS QUE RESPONDEN OS RESULTADOS ACADADOS:

